

## **Acta da Comisión Permanente do día 16 de outubro de 2012**

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 16/10/2012.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 16/10/2012.
- III. Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 32 minutos, no Despacho do Director da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Subdirector, Don Benito Vázquez Dorrío, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

**1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 24 de setembro de 2012.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria de 24 de setembro de 2012.

**2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.**

A Comisión acorda desestimar o recoñecemento da seguinte materia á alumna Dona :

Materia cursada / Titulación	Materia solicitada / Titulación
CARTOGRAFÍA II / Enxeñeiro Técnico en Topografía	CARTOGRAFÍA TEMÁTICA E TELEDETECCIÓN / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

A Comisión acorda o recoñecemento da seguinte materia á alumna Dona :

Materia cursada / Titulación	Materia solicitada / Titulación
TENCOLOXÍA AMBIENTAL / Grao en Enxeñaría da Enerxía	TENCOLOXÍA AMBIENTAL / Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

**3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.**

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, aprobar o seguinte título e tribunal de proxecto fin de carreira:

Proxectando Director/es	Título	Tribunal
Director/es: María Inmaculada Fenollera Bolibar	"Proyecto de modernización altamente eficiente de alumbrado público exterior. Aplicación a caso práctico."	Presidente: José María Lanaja del Busto Vocal: Itziar Goicoechea Castaño Vocal: Faustino Patiño Cambeiro <u>Suplentes:</u> Fernando Cerdeira Pérez Jacobó Porteiro Fresco Aida Badaoui Fernández

#### 4. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, desestimar o recurso de reposición presentado polo alumno Don \_\_\_\_\_ contra o acordo da Comisión Permanente de data 24 de setembro, no que se lle outorgaba unha equivalencia de 2 c.l.e. por ter o FIRST CERTIFICATE IN ENGLISH. E ratifica polo tanto dita equivalencia.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, desestimar a reclamación presentada polo alumno Don \_\_\_\_\_ sobre o acordo da Comisión Permanente de data 15 de setembro de 2009, polo cal se outorga unha equivalencia de 2 c.l.e. a cada un dos niveis de idiomas recoñecidos internacionalmente. E polo tanto, desestima a súa solicitude de que se lle recoñezan 6 c.l.e. por ter o nivel de inglés B2 e ratifica unha equivalencia de 2 c.l.e. por ter acreditado dito nivel de inglés.

A Comisión Permanente acorda aprobar, por asentimento, a corrección de erros do informe das actividades desenvolvidas pola SMG durante o curso 2011-2012, incorporando dita actividade ao informe aprobado na anterior Comisión Permanente. De tal xeito que os alumnos participantes na XIV edición de "Minervigo 2011" poidan validar os créditos correspondentes (0,5 c.l.e. para cada alumno).

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, a validación dos seguintes cursos/actividades por créditos de libre elección:

<b>CURSOS / ACTIVIDADES</b>	<b>DURACIÓN</b>	<b>Nº CRÉDITOS</b>
IELTS (International English Language Testing System)		2 c.l.e.
CURSO DE INGLÉS	90 horas	1,5 c.l.e.
CURSO DE INGLÉS	82 horas	1 c.l.e.

A Comisión Permanente acorda, por asentimento, desestimar a validación dos seguintes cursos/actividades por créditos de libre elección, por entender que non procede dito recoñecemento:

<b>CURSOS / ACTIVIDADES</b>	<b>DATA DE CELEBRACIÓN / DURACIÓN</b>
IV PREMIO GALICIA INNOVACIÓN JÚNIOR 2006	
VOLUNTARIADO NO CONCELLO DE VIGO	22 horas

#### 5. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, dezaseis de outubro de dous mil doce.

Vº e prace

O Presidente  
(Por suplencia)

O Secretario

## **ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 16/10/2012**

## **ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 16/10/2012**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 16 de outubro de 2012</b>
<b>Presidente da Comisión</b>
José Benito Vázquez Dorrió
<b>Secretario</b>
Enrique Granada Álvarez
<b>Subdirector/a</b>
Natalia Caparrini Marín
<b>Profesorado</b>
Ángeles Saavedra González
Marta María Cabeza Simó
Fernando García Bastante
David Patiño Vilas
María Araújo Fernández
<b>ALUMNOS</b>
Uxía Castro Filgueira
Iván Veleiro Pinal
Jaime García Iglesias
Mariola Juncal Rosales
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

## **ANEXO III**

### **Documentación relativa á validación de actividades por créditos de libre elección**